



Concello  
da Estrada



# PROTOCOLO BÁSICO DE ACTIVIDADE/COMPETICIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL SAN MARTIÑO – CALLOBRE

## 1.- OBXECTO.

O Departamento de Deportes do Concello da Estrada crea este protocolo co obxectivo de facilitar a organización da instalación Campo de Fútbol San Martiño-Callobre para a tempada 2021-2022, cando se celebren adestramentos, encontros de carácter oficial ou amigable. Será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar dita instalación. Será complementado polo PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DA ESTRADA e por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. **Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.**

## 2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

Poderán utilizar á instalación os deportistas federados dos clubs usuarios. De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas dos clubs cando se atopen adestrando baixo a súa exclusiva responsabilidade.

## 3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO Á INSTALACIÓN.

- Acceso á instalación por unha porta e saída por outra diferente. Evitar o máximo posible o cruzamento de persoas.
- No caso de que sexa obrigatorio, control de temperatura con termómetro no momento do acceso á instalación, tanto para xogadores e corpo técnico, ASÍ COMO PARA O PÚBLICO NO CASO DE QUE ESTE PERMITIDO. O Concello da Estrada autorizará a presenza de público, analizando a particularidade de cada un dos partidos ou eventos a celebrar.
- Listado nominal dos espectadores que asistan o evento deportivo, no caso de que sexa obrigatorio.
- Uso obrigatorio da máscara dentro da instalación, ca excepción dos xogadores que participen no encontro e o equipo arbitral, sempre e cando teñan autorización expresa para poder facelo.
- Non estará permitida a presenza de público nos adestramentos dos clubs deportivos.

## 4.- CIRCULACIÓN E UBICACIÓN DENTRO DA INSTALACIÓN.

- Estará prohibido acceder a zonas delimitadas a aquelas persoas que non se atopen debidamente autorizadas.
- Os aseos estarán operativos en todo momento e co aforo limitado dunha persoa.

- Adaptando a instalación as normativas vixentes, o aforamento do campo de fútbol será de **90 espectadores**, distribuídos na grada principal, onde estarán marcadas as butacas que se poden ocupar. Na fila que se poida ocupar polo público a separación debe de ser de 2 butacas libres entre espectadores.
- **Os espectadores sempre deberán de estar sentados** e unicamente se poderán colocar nas butacas habilitadas, ca debida separación interpersoal de 1,5 metros en todas as direccións.
- Habilitarase unha zona de grada para que se poidan sentar xuntos convivintes.
- **No caso de que se habiliten sillas para un aumento do aforo, estas deben de situarse ca separación interpersoal e estar como mínimo a 3 metros da baranda perimetral do terreo de xogo. Obrigatorio deixar pasillos para o tránsito de espectadores.**
- Respetar á sinalización nas zonas de tránsito no momento de desprazarse e de acceder ou abandonar a instalación.

## 5.- ACCESO ZONA VESTIARIOS.

- Para a disputa dos partidos, estará acotada a zona dos banquiños e dos vestiarios, non podendo acceder ningunha persoa que non se atope debidamente autorizada.
- Poderanse utilizar os vestiarios, tanto nos adestramentos coma nos días de partido. Estará permitido o seu uso, xa sexa para cambiarse e/ou ducharse e tendo que formarse grupos burbulla para respectar as distancias, que utilizarán sempre o mesmo vestiario, e utilizando os deportistas sempre o mesmo sitio. De non ser posible habería que utilizar os vestiario por quendas.
- Nos pasillos dos vestiarios unicamente se poderá acceder a dependencias desas zonas (lavandería, sala reunións, cadro eléctrico, almacéns, ...) por motivos necesarios.
- Para a disputa de partidos, os bancos dos vestiarios estarán marcados con distancia interpersoal, o que nos obriga a facer dúas quendas para que se cambien os xogadores.
- Na celebración de partidos, cando se utilicen os vestiarios, farase a súa limpeza e desinfección antes do partido.
- No descanso dos partidos non se poderán utilizar os vestiarios. Si a climatoloxía é adversa, poderá ser utilizado por unha soa quenda de xogadores, agardando o resto dos convocados no lugar habilitado para eles (zona de banquiños ou grada).
- Unha vez finalizado o encontro, o tempo de permanencia de cada deportista no vestiario será de 10 minutos, empezando ca primeira quenda e accedendo un deportista cada vez que outro xa finalizara.

## 6.- OUTRAS DISPOSICIÓNS.

- O servizo da cafetería non estará operativo por motivos sanitarios, excepto autorización específica para á actividade.
- O servizo da lavandería non estará operativo por motivos sanitarios, excepto autorización específica para á actividade.
- O local do ximnasio non estará operativo por motivos sanitarios, excepto autorización específica para á actividade.